



INSTRUCCIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO PERÍODO DO 16 AO 29 DE MARZO

ÍNDICE:

1. MEDIDAS A ADOPTAR RECIBIDAS DESDE A CONSELLERÍA.
2. INSTRUCCIÓN PARA AS FAMILIAS EN DESENVOLVEMENTO DAS MEDIDAS A ADOPTAR RECIBIDAS DESDE A CONSELLERÍA.

1. MEDIDAS A ADOPTAR RECIBIDAS DESDE A CONSELLERÍA (correo electrónico recibido o día 12/03/2020 ás 21:10 hs.)

Como sabedes, están suspendidas as actividades lectivas a partir do luns 16 de marzo durante 14 días naturais; tedes a información na web da [Consellería aquí](#).

As instruccións son as seguintes:

1. Suspensión de **todo tipo de actividade lectiva** regulada en todos os centros de ensino non universitario. Esta suspensión inclúe tamén os **servizos educativos complementarios**, nomeadamente, o comedor, transporte e servizo de madrugadores, con independencia de quen sexa o organizador dos devanditos servizos.
2. Suspéndense no ámbito educativo todas as **viaxes de estudos, excursións, ou calquera tipo de desprazamento** de grupos de alumnado ou de profesorado.
3. Suspéndense no ámbito educativo todo tipo de **festivais, galas ou actividades** que impliquen a reunión de alumnado.
4. **O persoal docente e non docente terá a obriga de acudir ao centro educativo.** Para os efectos de favorecer a **conciliación do persoal con fillos e fillas menores de 18 anos ou maiores que presenten algunha discapacidade e persoas maiores dependentes**, o equipo directivo poderá reorganizar o horario de permanencia no centro educativo de cada docente ou persoal de administración e servizos, cumprindo co cómputo total anual do mesmo e debendo reorganizar as tarefas para adecuar a **prestación dos servizos básicos de información, atención e tutorización non presencial da súa comunidade educativa. Todo elo dentro do horario de apertura habitual do centro.** Esta medida é de aplicación ao persoal que non presente sintomatoloxía.



5. Como **medida extraordinaria para facilitar a conciliación** da vida familiar e laboral de aquel persoal con fillos e fillas menores de 18 anos ou maiores que presenten algunha discapacidade e persoas maiores dependentes, este poderá realizar a súa actividade laboral mediante o **sistema de teletraballo nunha porcentaxe non superior ao 50% do seu horario total de permanencia** no centro.
6. O profesorado **programará nas páxinas web dos centros ou por outros medios telemáticos**, accesibles ao seu alumnado, **actividades xenéricas relacionadas cos contidos curriculares** para que o seu alumnado as poida realizar no seu domicilio, e fará o seu seguimento, pero **non terán carácter de avaliáveis**.
7. Para o **alumnado de 2º de Bacharelato** o profesorado adoptará todas as medidas específicas necesarias (telemáticas) para garantir de forma non presencial a continuidade das actividades lectivas dos contidos curriculares.
8. **Suspéndense as prácticas de Formación Profesional (módulo FCT) que se realicen en empresas, incluídas as asociadas a Erasmus +.**

2. INSTRUCCIÓNS PARA AS FAMILIAS EN DESENVOLVEMENTO DAS MEDIDAS A ADOPTAR RECIBIDAS DESDE A CONSELLERÍA.

A intención destas medidas é a de facilitar ao persoal docente a conciliación, garantir a súa seguridade e darlle a maior continuidade a formación do alumnado.

Concreción e desenvolvemento respecto ás instrucións xenéricas facilitadas pola Consellería:

Punto 6: O alumnado ou ben as familias recibirán por calquera dos seguintes medios: correo electrónico, a través da plataforma EDIXGAL, aula virtual moodle, Google Site, Drive, ou calquera outra plataforma telemática, o desenvolvemento das tarefas por parte do alumnado namentres dure o período de suspensión da actividade lectiva. Lembramos que estas actividades non serán avaliáveis e teñen como fin o desenvolvemento e seguimento do currículo na medida do posible.

Lembramos que aquelas familias ou alumnado que **non teñan o correo electrónico actualizado** poden facelo a través da nosa web: premendo en centro→familias→confirmación do correo electrónico Este é o enlace: [aquí](#)



Punto 7. Especial atención deberá prestarse ao alumnado de 2º bacharelato. Neste caso as instrucións e material enviado será especialmente elaborado e especificado, co obxectivo de afectar o mínimo posible ao desenvolvemento do currículo e futura realización da ABAU. As notas correspondentes a 2ª avaliación enviaranse por correo electrónico o mércores 18 de marzo.

Punto 8. Suspéndense as prácticas de Formación Profesional (módulo FCT) que se realicen en empresas, incluídas as asociadas a Erasmus +. Nesta liña, ao non poder realizar neste momento as prácticas de FCT, a avaliación correspondente a 2ª avaliación suspéndese ata que remate esta situación extraordinaria.

Pedimos disculpas polos inconvenientes que esta situación poida xerar e agradecemos de antemán a vosa colaboración.

Grazas e saúdos.

Recomendacións da Consellería de Sanidade en relación a situación actual do coronavirus en Galicia: premer [aquí](#)

En Pontevedra, a 13 de marzo de 2020.

David Alvariño Pérez.

Director.